

AUTORES

■ No trascurso da Cea das Letras

Juan Gelman
recibe mañá o Premio 'Escritor Galego Universal' en Santiago

O poeta Juan Gelman recollerá mañá, 17 de abril, en Compostela a pluma do galardón 'Escritor Galego Universal', que entrega a Asociación de Escritores en Lingua Galega na Cea das Letras. O Hotel Palacio del Carmen acollerá o acto que comezará ás 20:00 horas, e no que os escritores galegos recoñecerán a mellor obra publicada en 2009 nos distintos xéneros literarios.

O poeta arxentino ofrecerá o luns, día 19, ás 18:00 horas un encontro cos medios de comunicación no Kiosko Alfonso da Coruña, nun acto no que tamén estarán María Xosé Bravo, concelleira de Cultura do Concello da Coruña e Cesáreo Sánchez, presidente da AELG. Ás oito da tarde, Gelman participará no III Encontro Cidade da Coruña onde presentará o seu libro *Bajo la lluvia ajena*, na Real Academia Galega. O martes, día 20, Gelman intervirá ás 19:30 horas no salón nobre do Pazo de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela cunha conferencia titulada *Un árbol sin hojas que da sombra*. No acto, o conselleiro de Cultura, Roberto Varela entregarlle unha escultura, na súa condición de 'Escritor Galego Universal'. ● MARÉ